

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

IES DA POBRA DO CARAMIÑAL

CURSO 2020- 2021

XEFA DE DEPARTAMENTO: MARÍA EUGENIA NOVO SAMPEDRO

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA 2020 - 2021

1. CONTEXTUALIZACIÓN E INTRODUCCIÓN páx. 5
2. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL, INCIDINDO NOS SEGUINTE ASPECTOS PÁX.17

3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE páx. 19

4. OBXETIVOS DA EDUCACION SECUNDARIA OBLIGATORIA (currículo LOMCE) E OBXETIVOS DA ETAPA BACHARELATO (currículo LOMCE) pax. 34
- 4.1 OBXETIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA (currículo LOMCE)
- 4.2 OBXETIVOS DA ETAPA BACHARELATO (currículo LOMCE)

5. OBXECTIVOS POR CURSO pax. 38
- 5.1 ECONOMÍA FINANCEIRA 2º ESO
- 5.2 INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPREENDEDORA DE 4º DE ESO
- 5.3 ECONOMÍA DE 4º DE ESO
- 5.4 ECONOMIA 1º BACHARELATO
- 5.5 ECONOMIA DA EMPRESA 2º BACHARELATO
- 5.6 FAX 2º BACHARELATO

6. MÍNIMOS ESIXIBLES páx. 46
- 6.1 ECONOMÍA FINANCEIRA 2º ESO

- 6.2 INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPREENDEDORA DE 4° DE ESO
- 6.3 ECONOMÍA DE 4° DE ESO
- 6.4 ECONOMIA 1° BACHARELATO
- 6.5 ECONOMIA DA EMPRESA 2° BACHARELATO
- 6.6 FAX 2° BACHARELATO
- 7. CONCRECIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR PAX. 54
- 8. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE, TEMPORALIZACIÓN E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. Páx. 55
- 8.1 ECONOMÍA FINANCEIRA 2° ESO
- 8.2 INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPREENDEDORA DE 4° DE ESO
- 8.3 ECONOMÍA DE 4° DE ESO
- 8.4 ECONOMIA 1° BACHARELATO
- 8.5 ECONOMIA DA EMPRESA 2° BACHARELATO
- 8.6 FAX 2° BACHARELATO
- 9. METODOLOXÍA DIDÁCTICA páx.174
- 10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS páx. 175
- 11. ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO páx. 176
- 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PAX. 176
- 13. AVALIACIÓN páx. 178
- 14. PRODEDEMENTOS DE AVALIACIÓN PÁX. 178
- 15. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN páx. 179
- 16. CRITERIOS XERAIS DE CUALIFICACIÓN pax.184
- 17. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIUDAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS páx. 193

18. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN páx 193
19. CRITERIOS XERAIS DE RECUPERACIÓN páx.193
20. PLAN PARA SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES páx. 194
21. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR páx. 194
22. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC páx. 195
23. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES páx. 195
24. PROGRAMACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSAIS páx. 195
25. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.
páx. 197
26. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA páx. 202
27. INFORMACIÓN AO ALUMNADO SOBRE A PROGRAMACIÓN. páx. 203
28. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA páx. 203

1.CONTEXTUALIZACIÓN E INTRODUCCIÓN.

1.1 CONTEXTUALIZACIÓN

Entendense por contexto o contorno social, histórico e xeográfico no que se realiza o labor docente. Entoncez contextualizar sería adaptar o proceso de ensinanza-aprendizaxe as diferentes coxunturas xeográficas, históricas e sociais. O desenvolvemento da programación debe partir da realidade sociocultural da zona concreta na que está situado o Centro, pois toda a Programación Didáctica debe adaptarse e adecuarse á realidade e necesidades do contorno ao que vai dirixido.

Esta programación desenvólvese no Instituto de Ensino Secundario da Pobra do Caramiñal no concello de Pobra do Caramiñal. Este concello atópase nas Rías Baixas. Pertence á provincia de A Coruña e consta de cinco parroquias: Santa María A Antiga do Caramiñal, Santiago do Deán, Santa Cruz de Lesón, Santa María do Xobre e San Isidro de Posmarcos. Ocupa unha extensión de 32,51 km cadrados e no ano 2014 contaba con unha poboación de 9.672 habitantes, aproximadamente.

O alumnado do centro procede na súa maioría de Pobra do Caramiñal. As ensinanzas que se imparten no centro son as seguintes: ESO,

Bacharelato nas modalidades de Humanidades e CCSS e de Ciencias, os ciclos formativos de Grao Superior de Dietética, e o ciclo de Grao

Medio de Coidados Auxiliares de Enfermería.

Dentro da modalidade de Humanidades e CCSS, o alumnado poderá optar polo itinerario de Humanidade ou polo itinerario de Ciencias sociais

O contexto físico onde está ubicado este instituto é un área costeira onde fundamentalmente a actividade económica xira a redor da pesca e a industria conserveira.

1.2 INTRODUCCIÓN

Na presente programación teranse en conta algún dos apartados redactados con motivo da memoria final do curso 2019 2020, en concreto os seguintes:

08. PROPOSTA DE SOLUCIÓNS A INTRODUCIR NA PROGRAMACIÓN DO VINDEIRO CURSO PARA TRATAR DE SOLVENTAR AS DIFICULTADES E MELLORA DOS RESULTADOS OU DUN ADECUADO LOGRO DE OBXECTIVOS PERSEGUIDOS.

Propónse que na programación do vindeiro curso se faga unha relación moito máis realista das unidades didácticas a impartir, posto que sempre quedan temas sen dar. Tamén se fará unha revisión daqueles estándares de aprendizaxe que se consideren máis imprescindibles para poder clarificar o que é o máis relevante para o desenvolvemento da materia.

Respecto a este punto oito da mencionada memoria decir que, si ben a materia de cada una das asignaturas ven reflectida no curriculum oficial, si é certo que hai uns estándares de aprendizaxe que teñen un carácter máis imprescindible que outros e vou a tratar de reflectilos na programación. Por este motivo na presente programación na parte relativa ós criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe que é imprescindible saber terán porcentaxe na avaliación de cada un deles do 100%.

Por outra banda, para facilitar a labor tanto do alumno/a na aprendizaxe como a labor de ensino do profesor/a xa se dispuso a utilización dun libro de texto en todas as asignaturas que imparte o Departamento de economía agás na asignatura de educación financeira debido a que non existe un libro de texto para esta materia. Polo que respecta a utilización das novas tecnoloxías, este departamento trata de impartir o maior número de clases facendo uso das TIC.

Neste curso tense como libro de texto para a asignatura de Economía da Empresa de 2º de bacharelato o libro da editorial Mc Graw – Hill. En INAAE o libro de texto neste curso e en Economía de 4º da ESO son os da editorial Mc Graw - Hill e en 1º bacharelato o libro da editorial s.m. Tamén neste curso ponse na asignatura de Fundamentos de Administración e Xestión como libro recomendado o libro da editorial Mc Graw – Hill. No caso de educación financeira serán utilizados os manuais publicados da páxina web de finanzas para todos e apuntes facilitados pola profesora.

PROFESORA: MARIA EUGENIA NOVO SAMPEDRO

MATERIAS QUE IMPARTE:

EDUCACIÓN FINANCEIRA 2º ESO
INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL 4º ESO
ECONOMÍA 4º ESO
ECONOMÍA 1º BACHARELATO
ECONOMÍA DA EMPRESA 2º BACHARELATO
FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN 2º BACHARELATO

LEXISLACIÓN DE REFERENCIA PARA BACHARELATO

- **RD 1105/2014, de 26 de decembro**, polo que se establece o currículo básico da ESO e do bacharelato.
- **Orden ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, do ministerio de educación**, sobre competencias.
- **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da ESO e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

LEXISLACIÓN DE REFERENCIA PARA A ESO

- **RD 1105/2014, de 26 de decembro**, polo que se establece o currículo básico da ESO e do bacharelato.
- **Orden ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, do ministerio de educación**, sobre competencias.
- **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da ESO e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ***Instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa, en relación coas medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centro docentes da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria,***

1.2.1 INTRODUCCIÓN a Educación Financeira

O currículo da ensinanza obrigatoria dunha materia de contido económico-financeiro persegue formar cidadás e cidadáns capaces de comprender a importancia da adoptar decisións acertadas sobre a súa economía persoal. Unha mellora na formación financeira permitiralles ás persoas acadaren o obxectivo de seguridade financeira, limitaren o risco de perdas patrimoniais, e previren o endebedamento excesivo e a exclusión financeira.

As persoas ao longo da súa vida teñen que enfrontarse a decisións financeiras nun contorno cada vez máis dinámico e complexo, motivo polo cal deben ampliar a súa cultura financeira, obxectivo último da presente materia. Son moitas as organizacións internacionais, entre elas a Comisión Europea, que reclaman a posta en marcha de iniciativas educativas para aumentar a formación financeira da poboación.

Esta materia de Educación Financeira, programada para un dos dous primeiros cursos do primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria, inclúe contidos económico básicos que permiten á cidadanía familiarizarse, desde idades temperás, coa organización e o funcionamento do sistema financeiro, en particular cos produtos e os servizos financeiros de uso máis habitual, para posteriormente axudar na planificación da vida financeira persoal e na elección daquelas alternativas que mellor se adapten ás súas necesidades, mantendo a seguridade financeira como eixo central desa planificación.

O currículo desta materia está organizado en tres bloques.

1º BLOQUE: fai fincapé na administración da renda e dos recursos persoais, a través das decisións de consumo e de aforro, e o correspondente investimento.

2º BLOQUE: céntrase na planificación financeira persoal e familiar

3º BLOQUE: trata a xestión dos medios líquidos dispoñibles.

A materia aborda os contidos desde un nivel moi básico, analizando os compoñentes e as características principais dos produtos e dos servizos financeiros, procurando a familiarización cos mercados e coas entidades operantes, que permita ás persoas, tras comparar distintas ofertas, elixir a máis adecuada ás súas necesidades e á súa situación económico-financeira. O enfoque, sendo eminentemente descritivo, non esquece iniciar o alumnado na realización de sinxelos cálculos, empregando ferramentas de axuda que permitan a valoración precisa das alternativas consideradas, unha maior comprensión do funcionamento dos produtos e dos servizos, e o adecuado coñecemento das implicacións que as decisións que se tomen teñen na situación financeira persoal. Recoméndase un tratamento lúdico dos contidos, procurando o emprego de xogos, a participación en concursos e o fomento da produción de coñecemento empregando recursos das tecnoloxías da información e da comunicación.

A materia contribúe ao desenvolvemento da competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, que incide na consecución do benestar económico e social da comunidade, así como o das competencias sociais e cívicas, o da competencia de comunicación lingüística, e o da matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, dixital e de aprender a aprender.

1.2.2 INTRODUCCIÓN Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial

O espírito emprendedor é un concepto que abrangue valores persoais tales como a creatividade, a disposición positiva para a innovación e o cambio, a confianza en si mesmo/a, a motivación de logro, o liderado, a aceptación do fracaso como fonte de experiencia, e as actitudes de cooperación e de traballo en equipo. Todas as persoas terán que emprender na súa vida persoal e laboral, terán que innovar e procurar novas respostas, no mundo globalizado e cambiante ao que se enfrontan, aínda que non todas logran levar a cabo un proxecto empresarial propio.

Formar cidadáns e cidadás capaces de asumir riscos, ser innovadores/as, con posibilidade de negociación e pensamento estratéxico, e con capacidade para o emprendemento constitúe o reto desta materia. Inclúe aspectos teóricos e prácticos orientados a preparar o alumnado para unha cidadanía responsable e para a vida profesional; axuda ao coñecemento das actividades e das necesidades das persoas emprendedoras, persegue que poidan responsabilizarse da súa propia carreira e do seu camiño persoal de formación, e da toma das decisións clave na súa vida, ademais da posibilidade de crear un negocio propio ou actuar como innovadores/as no traballo dentro dunha organización.

Estrutúrase en tres bloques:

A materia Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial de 4º de ESO distribúese en tres bloques:

1º BLOQUE "Autonomía persoal, liderado e innovación", está centrado na descrición das calidades e as destrezas persoais asociadas á iniciativa emprendedora, no repaso das decisións sobre o itinerario vital e a actuación como futuro/a traballador/a.

2º BLOQUE "Proxecto de empresa", repásanse as principais áreas e funcións da empresa co obxecto de pór en marcha o proxecto empresarial xurdido da idea de negocio xerado previamente

3º BLOQUE "Finanzas" analiza as alternativas con que conta a empresa para elixir a súa forma xurídica, as fontes de financiamento

do seu proxecto empresarial, a necesidade de planificar as necesidades financeiras e as obrigas fiscais e prever a evolución do negocio, garantindo a súa viabilidade.

1.2.3 INTRODUCCIÓN Economía de 4º ESO e 1º BACHARELATO

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación,

e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade

analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

A materia de Economía de 1º de bacharelato emprega un esquema mixto de presentación, baseado principalmente na análise da economía como ciencia, do papel dos axentes económicos e do funcionamento das principais institucións económicas e os seus elementos.

A materia de economía de 4º de ESO distribúese en seis bloques que permiten o estudo da economía como ciencia e do papel dos axentes económicos.

Estrutúrase en seis bloques:

1º BLOQUE

"Ideas económicas básicas" recóllense aspectos relativos aos principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica.

2º BLOQUE: "Economía e empresa" analízase o papel e o funcionamento do axente empresa na economía.

3º BLOQUE: "Economía persoal" está dedicado ao estudo da transcendencia das decisións económicas na vida das persoas

4º BLOQUE: "Economía e ingresos e gastos do Estado" repasa o papel estatal no funcionamento económica a través da análise dos seus ingresos e gastos.

5º BLOQUE: "Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego" repásanse os aspectos máis salientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o nivel de emprego.

6º BLOQUE: "Economía internacional" fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapé nas repercusións da integración económica e a globalización.

A materia de Economía de 1º de bacharelato emprega un esquema mixto de presentación, baseado principalmente na análise da economía como ciencia, do papel dos axentes económicos e do funcionamento das principais institucións económicas e os seus elementos.

Estrutúrase en sete bloques:

1º BLOQUE: "A economía e a escaseza. A organización da actividade e económica"

2º BLOQUE: "A actividade produtiva"

3º BLOQUE: "O mercado e o sistema de prezos"

4º BLOQUE: "A macroeconomía"

5º BLOQUE: "Aspectos financeiros da economía"

6º BLOQUE: "O contexto internacional"

7º BLOQUE: "Desequilibrios económicos e o papel

do Estado na economía"

A grande transcendencia social da economía queda reflectida na súa contribución ao fomento da mellora na calidade de vida, ao progreso e ao benestar social. Os coñecemento económicos teñen cada día mais valor, pola importancia de contar cunha cidadanía formada e pola relevancia dunha boa administración dos recursos públicos.

O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, competencias lingüísticas e de comunicación, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, sociais e cívicas, así como sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

1.2.4 INTRODUCCIÓN 2º BACHARELATO ECONOMIA DA EMPRESA

Economía da Empresa trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da economía especializada nun determinado suxeito económico: a empresa. Trátase dunha ciencia que, por unha banda, procura a explicación do fenómeno económico da empresa e, por outra, a actuación sobre ela para alcanzar certos fins. A tendencia actual diríxese a tratar de converter esta disciplina nun corpo de coñecementos interdisciplinarios que traten calquera problema que se formule na empresa.

A empresa é un axente esencial da actividade económica. As empresas constitúen as células elementais de produción que integran o organismo económico a través das cales se conseguen os obxectivos macroeconómicos e, por iso, ocupan a atención das economistas. É na economía contemporánea onde acha a súa plenitude, xa que a división do traballo, a especialización, o desenvolvemento do sistema monetario e a amplitude do mercado crearon o clima necesario para que se dea con precisión e características peculiares a unidade autónoma de produción, que constitúe o obxecto real da economía da empresa. Nesta materia traballáranse cuestións como a razón da existencia das empresas, as súas características, os tipos de organización e de funcionamento, e os factores que inflúen na toma de decisións.

A materia, que emprega un enfoque de presentación baseado na análise de distintas áreas e funcións da empresa.

Estrutúrase en sete bloques:

1º BLOQUE: "A empresa", no que se describen os seus elementos, as súas funcións e os seus obxectivos.

2º BLOQUE:

"Desenvolvemento da empresa", onde se fai unha análise das decisións de dimensión e localización, e das estratexias de crecemento.

3º BLOQUE: "Organización e dirección da empresa", no que se explica a planificación, a organización e a xestión dos recursos da empresa.

4º BLOQUE: "A función produtiva", para analizar os procesos

produtivos e a estrutura de ingresos e custos derivada deles.

5° BLOQUE: "A función comercial da empresa", que repasa as principais decisións da empresa na comercialización dos seus produtos e/ou servizos.

6° BLOQUE: "A información na empresa", para comprender a importancia de contar con datos e información relevante e precisa na toma de decisións e no cumprimento das obrigas fiscais

7° BLOQUE: "A función financeira", onde se trata de analizar os aspectos salientables das decisión de investimento e financiamento na empresa.

A empresa ten un significado social (crea emprego), canaliza a renda e, conseguintemente, constitúe un elemento de redistribución da renda nacional. O desenvolvemento da actividade empresarial e a acción do/da empresario/a deben estar guiados pola responsabilidade social e o comportamento ético, máis alá da procura duns resultados.

A materia ha permitir o fomento dunha cultura e dun xeito de pensar empresarial, onde se exerciten e medren a creatividade e o espírito de innovación, e se incentive a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, así como a concepción do erro como fonte de progreso e aprendizaxe. Tamén ha contribuír ao desenvolvemento da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, de comunicación lingüística e dixital, da capacidade de aprender a aprender, e do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor.

INTRODUCCIÓN

FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN

A administración é un proceso consistente nas actividades de planeamento, organización, execución e control, desempeñadas para determinar e alcanzar os obxectivos sinalados co uso de recursos produtivos. Como ciencia trata de planificar e organizar as relacións entre as funcións, os niveis e as actividades, coa finalidade de lograr a máxima eficiencia dentro dos plan e os obxectivos sinalados pola empresa. Por xestión entendemos a realización de dilixencias enfocadas á obtención dalgún beneficio, empregando os recursos activos da empresa para o logro dos obxectivos Trátase, xa que logo, de estimular entre o alumnado as destrezas e as habilidades que permitan pór en marcha e manter un proxecto empresarial a través do estudo das variables que determinan a súa viabilidade.

Constitúe obxecto de estudo desta materia o conxunto de áreas e funcións nas que se divide a actividade da empresa, tanto no nivel de planificación e definición de obxectivos como no nivel de xestión diaria dos recursos e as actividades da empresa que permitan alcanzar o obxectivo de consolidación dun proxecto empresarial, todo isto enmarcado dentro da idea de fomentar o espírito emprendedor na educación secundaria.

Préstase especial atención ao desenvolvemento da creatividade e o espírito de innovación para resolver situacións en diferentes ámbitos, así como a relevancia de valorar e percibir o erro de xeito positivo. Incentívase a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, con independencia do resultado final, promóvese o traballo en equipo, mantendo unha comunicación fluída entre as persoas autoras do proxecto compartido, e dáselle un especial impulso á utilización de ferramentas informáticas e audiovisuais que axuden á difusión efectiva do proxecto.

Serán desenvolvidas as capacidades e as habilidades propias da competencia clave de sentido da iniciativa e o espírito emprendedor, ademais de outras vinculadas coa comunicación lingüística, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, a competencia dixital, as competencias sociais e cívicas, e a de aprender a aprender.

A materia estrutúrase en nove bloques:

Bloque 1: "Innovación empresarial. A idea de negocio: o proxecto de empresa", onde se describe a idea de negocio, se identifican os aspectos da innovación empresarial, distínguense os tipos de innovación empresarial e aplicanse distintas técnicas de estudo do entorno onde se vai desenvolver a a idea de negocio.

Bloque 2: "A organización interna da empresa. Forma xurídica e recursos", no que se explica a planificación, a organización e a xestión dos recursos da empresa. Ase como os distintos tipos de empresas que existen na nosa sociedade e onde se fai unha análise das decisións de localización

da empresa.

Bloque 3: "Documentación e trámites para a posta en marcha da empresa", onde se fai una análise dos trámites legais necesarios para a posta en marcha dunha empresa e os organismos ós que se ten que acudir para presentar os documentos correspondentes para a creación dunha empresa.

Bloque 4: "O plan de aprovisionamento", no que se explica o plan de aprovisionamento que comprende a xestión de compras, de almacén e de stocks, a negociación cos provedores e a contabilización das operacións de aprovisionamento.

Bloque 5: "Xestión comercial e márketing na empresa", que repasa as principais decisións da empresa na comercialización dos seus produtos e/ou servizos.

Bloque 6: "Xestión dos recursos humanos", no que se explica o proceso de selección de persoal que comprende a planificación, reclutamento e selección e formación dos RRHH.

Bloque 7: "Xestión da contabilidade da empresa.", para comprender a importancia de contar con datos e información relevante e precisa na toma de decisións e no cumprimento das obrigas fiscais.

Bloque 8: " Investimento e xestión financeira. Viabilidade da empresa" onde se trata de analizar os aspectos salientables das decisión de investimento e financiamento na empresa.

Bloque 9: "Presentación da idea de negocio". Onde se trata de avaliar as habilidades comunicativas e técnicas adquiridas ao longo do curso.

2.PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL, INCIDINDO NOS SEGUINTE ASPECTOS.

a.-METODOLOXÍA DE TRABALLO QUE SE SEGUIRÁ NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA

Metodoloxía a empregar: O profesorado publicará na aula virtual as instrucións do traballo a realizar, así como os períodos de entrega de tarefas, con periodicidade semanal ou quincenal. O profesorado estará a disposición do alumnado para resolución de dúbidas ou calquera outra necesidade, ben a través de videoconferencias a través da plataforma cisco webex con toda a aula, convocadas con antelación suficiente, ou a través do foro de novas (aula virtual, e-dixgal), mensaxes na aula virtual, correo electrónico ou plataforma abalar.

Os criterios xerais a considerar para o deseño e o desenvolvemento desta programación didáctica serán os seguintes:

- Favorecer que o alumnado poida promocionar e titular.
- Ter en conta a desigualdade que produce o confinamento entre o alumnado e que se materializa nas diferencias de apoio que pode recibir o alumnado no seu entorno e a dispoñibilidade de recursos tecnolóxicos para desenvolver unha educación non presencial.
- Evitar o incremento do estrés propio da situación cunha proposta excesiva de tarefas e actividades educativas
- Evitarase a sobrecarga de tarefas a facer polo alumnado e para acadar este obxectivo as actividades non poderán exceder o 80 % do tempo semanal asignado no horario do grupo a súa materia.
- As actividades e tarefas a desenvolver favorecerán recuperación, repaso, reforzo e ampliación.
- O profesorado seleccionará e adaptará as metodoloxías mais axeitada á situación e ós recursos tecnolóxicos dispoñibles polo seu alumnado e tentarase en todo momento o emprego de recursos mínimos e sinxelos.
- **A avaliación final do curso terá en conta o traballo feito nos tres trimestres e será continua, formativa e diagnóstica.**

b.-MODO DE PREVER O DEREITO Á EDUCACIÓN AO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINAZA TELEMÁTICA.

Aplicación do **PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021**, que prevé no **punto 29** o relativo as **AULAS VIRTUAIS E ENSINO A DISTANCIA**

29.1. A Consellería de Educación, Universidade e FP facilita a todos os centros educativos unha Aula Virtual, a través do enderezo: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iespobracaraminal/aulavirtual/login/index.php>

29.2. As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en adiante. O seu uso en primeiro e segundo de Educación Primaria quedará a discreción do centro educativo. Nos cursos anteriores habilitaranse fórmulas de comunicación como foros ou vídeo chamadas para manter contacto coas familias e, de ser posible, fornecer contidos educativos para este tipo de alumnado.

29.5. Durante os primeiros días de clase, en setembro, os/as titores/as de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte. Cando sexa posible usarase a aula de informática do centro para estas tarefas.

29.8. No mes de setembro, os/as titores/as identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e o notificarán ao equipo directivo. O equipo directivo realizará unha listaxe deste alumnado e as súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.

c.-MECANISMOS QUE O PROFESORADO ADOPTARÁ PARA ASEGURAR O SEGUIMIENTO CONTINUO DO CURSO POLO ALUMNADO

Tendo en conta o referido anteriormente respecto do marco que rexe nesta situación é dicir as instrucións e o protocolo faremos o seguimento a través das aulas virtuais. Conforme as **Instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa, en relación coas medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria**, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2019/2020, levarase a cabo accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade presencial ou, de ser o caso, non presencial ou semipresencial. Terase en conta tamén o **PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021.**

Tendo en conta o anterior o profesorado fará o seguimento continuo do alumnado utilizando os medios telemáticos, compatibles coa normativa vixente e de conformidade coas mencionadas instrucións.

3. CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS DE ESO E BACHARELATO Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS DE EDUCACIÓN FINANCEIRA DE 2º DA ESO, INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL DE 4º DE ESO, ECONOMÍA DE 4º DE ESO E 1º DE BACHARELATO E ECONOMÍA DA EMPRESA E FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN DE 2º BACHARELATO Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

Antes de concretar cómo contribue a materias do Departamento de Economía ó desenvolvemento das competencias clave, analizaremos, en primeiro lugar, qué son, cuántas son, qué elementos fundamentais as definen.

Entendese por competencia a capacidade de por en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diferentes, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridos durante a etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias teñen tres compoñentes: un saber (un contido), un saber facer (un procedimientto, unha habilidade, unha destreza, etc.) e un saber ser ou saber estar (unha actitude determinada).

A asignatura "Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial", como materia troncal de opción de 4º da ESO das dúas opcións de ensinanzas académicas para a iniciación ao bacharelato e a opción de ensinanzas aplicadas para a iniciación á formación profesional, na segunda opción poderá cursar economía entre as materias de opción do bloque de materias troncais. Así mesmo na opción de ensinanzas académicas para a iniciación ao bacharelato, tamén poden cursar unha materia do bloque de materias troncais non cursada polo alumnos ou alumnas.

A asignatura de Economía, como materia troncal de opción de 4º da ESO das dúas opcións de ensinanzas académicas para a iniciación ao bacharelato e a opción de ensinanzas aplicadas para a iniciación á formación profesional, na primeira opción poderá cursar economía entre as materias de opción do bloque de materias troncais. Así mesmo na opción de ensinanzas aplicadas á iniciación á formación profesional, tamén poden cursar unha materia do bloque de materias troncais non cursada polo alumnos ou alumnas.

3.1 CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE EDUCACIÓN FINANCEIRA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

a) Comunicación Lingüística (CCL)

A materia esixirá dos alumnos que utilicen as diversas formas da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita.

Ademáis deberán comprender o vocabulario económico e financeiro como pode ser entender o significado de siglas como PIB, IPC, TAE, IBAN, PIN..)

b) Competencia Matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A materia contribuirá a facilitar aos alumnos e as alumnas a aplicación de razoamentos matemáticos para interpretar e resolver problemas de situacións cotiás no uso do diñeiro. Para o cal utilizaranse cálculos de porcentaxes, regras de tres, cálculo do tipo de interés simple e composto e comparación dos custos das distintas modalidades de pago, entre outros cálculos máis que poiderán levarse a cabo.

c) Competencia Dixital (CD)

Os alumnos veranse obrigados a buscar, obter, procesar e comunicar información para transformala en coñecemento. A utilización das tecnoloxías da información e da comunicación serán un elemento imprescindible para o desenvolvemento da materia. Así mesmo, contribuirase ao desenvolvemento da capacidade dos alumnos e as alumnas para transformar a gran cantidade de información que as novas tecnoloxías poñen á nosa disposición en coñecemento útil, facilitando que os alumnos poidan resolver problemas tanto propios como alleos.

Ademáis permite o entrenamiento no uso das tecnoloxías da información e comunicación (TIC), na búsqueda de información, no análise e selección de investimentos, como poden ser: O uso e adopción de medidas de seguridade en internet, saber acceder ós servizos de administración e comercio electrónico, utilizar ferramentas e aplicación como follas de cálculo para a elaboración dun presuposto familiar, analizar e comparar ofertas e prezos.

d) Aprender a Aprender (CAA)

A materia fomenta a adquisición por parte do alumnado da conciencia das propias capacidades, do que pode facer un por si mesmo e do que se pode chegar a facer coa axudas dos demais. Alumnos que en ocasións desconectan dos contidos educativos máis académicos e tradicionais, conseguen contactar co sistema a través de materias como esta que teñen un forte carácter práctico e que lles permiten desenvolver a competencia persoal, que os estimula e os motiva, fomentando a confianza en si mesmo e o gusto por aprender. Contribúe tamén a que tomen conciencia de que as capacidades das persoas son diferentes, de que cada un ten as súas, pero todas son válidas e de que xuntas poden chegar a producir bos resultados. Pon de manifesto a posibilidade de emprender proxectos persoais, dividíndoos en metas alcanzables a curto, medio e longo prazo e vendo a necesidade de aplicar o esforzo á aprendizaxe de forma progresiva e realista.

Ademáis intentase que por medio da programación, planificación, toma de decisión e a asunción de responsabilidades, estas complementen o desenvolvemento da competencia de aprender a aprender en tanto que supoñen unha aprendizaxe continua. A evolución do entorno financeiro require una aprendizaxe continua.

e) Competencia Social e Cidadá (CSC)

Aprenderán a asumir responsabilidades, a comprender a dimensión multicultural da realidade social actual e como a actividade económica non pode ser allea a ela. Desenvolverán habilidades sociais relativas á xestión de conflitos e á necesidade de negociación presentes en calquera organización social.

Asumirán que a actividade económica e empresarial ten unha dimensión ética e unha responsabilidade social cada vez máis ineludibles. Así mesmo, os alumnos e as alumnas comezarán o exercicio da súa cidadanía achegándose ao contacto coa lexislación económica , ao coñecemento e exercicio dos dereitos e deberes dos cidadáns, partindo da dobre dimensión de patróns e traballadores.

Ademáis se deberán analizar as posibles vantaxes e desvantaxes das decisión económicas, responsabilizarse do efecto colectivo y/o as consecuencias sociais derivadas das decisión financeiras tomadas e tamén reflexionar sobre os conceptos de sustentabilidade, solidariedade, corresponsabilidade e cidadanía na dimensión económica así como analizar problemas e situación da sociedade actual (as crises, noticias financeiras)

f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

A materia axuda aos estudantes a desenvolver a confianza en si mesmos e a motivación por actuar. Verán que todos temos ideas, como se poden seleccionar aquelas máis axeitadas e levalas á práctica. Contribúe a elevar a autoestima, a autocrítica e o coñecemento de si mesmo. A necesidade de tomar decisións, de elixir cun criterio propio, calculando os riscos e avaliándoos para despois asumir as consecuencias das nosas decisións, serán capacidades que se desenvolvan nesta materia.

Ademáis esta materia contribúe a reforzar a autonomía, a autoestima e a identidade persoal no desenvolvemento das habilidades financeiras individuais. Todo isto poderá acadarse fomentando a motivación e a creatividade, desenvolvendo valores e actitudes persoais como a perseverancia, a capacidade de demorar a gratificación inmediata (o aforro como obxectivo) así como tomar conciencia da importancia da asertividade para comunicar disconformidade (relacións bancarias)

g) Conciencia e expresións culturais (CCEC). Dentro dos contidos trátase a globalización que tamén ten un compoñente cultural que esixe por parte do alumnado unha actitude crítica e reflexiva.

Os alumnos estudarán as diferentes formas de organización económica e como estas formas repercuten no desenvolvemento do territorio.

h) “Competencia financeira”. (Extracurricular) Búscase a adquisición de capacidades que lles permitan a toma de decisións intelixentes en materia financeira, mantendo unha actitude crítica e analítica ante todas as ofertas que se lles presenten. Os contidos plantexados abordan a planificación de gastos, a elaboración de orzamentos, o fomento do aforro como medio para a consecución da seguridade financeira no longo prazo. O alumno debe ser capaz de xestionar de forma efectiva os seus gastos ou as débedas a curto prazo, acadando así os seus obxectivos persoais.

3.2 CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL DE 4º DE ESO Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

a) Comunicación Lingüística (CCL)

A múltiple variedade de situación que presenta esta materia tales coma o traballo con textos, intercambios comunicativos, exposicións e argumentacións claras de ideas, así coma a proposición de alternativas de solución para acadar acordos dentro do grupo a través da negociación, contribúe á activación do coñecemento lingüístico do alumno.

b) Competencia Matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

(CM CCT)

Cando o alumno plantexe un plan de negocio basándose nun razoamento lóxico e no uso de procesos matemáticos, debe ser capaz de emitir xuízos con fundamento sobre o valor engadido do proxecto, así como o beneficio e a viabilidade do mesmo. Ademáis, cando o alumno planifique as súas decisións financeiras persoais ou resolva problemas cotiás sobre consumo, ingresos e gastos habituais a través da elaboración de orzamentos familiares, utilizará ferramentas matemáticas.

c) Competencia Dixital (CD)

A materia contribúe ao desenvolvemento desta competencia có uso das novas tecnoloxías, tanto para a búsqueda de información como para a presentación e exposición da mesma, que resulta imprescindible para tomar decisións sobre produtos financeiros, alternativas de investimentos e de aforro, tipos de xuro, etc.

d) Aprender a Aprender (CAA)

A materia potencia mediante os proxectos de traballo individuais e grupais a competencia de aprender a aprender. Preténdese

transmitir ao alumno un método de traballo xerador de valor para él mesmo e para a sociedade no seu conxunto, través de estratexias de planificación, de supervisión e de avaliación co fin de que o alumno plantéxese preguntas sobre hipotéticas situacións, para inicialo na búsqueda de respostas axeitadas e de aprendizaxe autónomo e significativo.

e) Competencia Social e Cidadá (CSC)

Aprenderán a asumir responsabilidades, a comprender a dimensión multicultural da realidade social actual e como a actividade

económica non pode ser allea a ela. Desenvolverán habilidades sociais relativas á xestión de conflitos e á necesidade de negociación presentes en calquera organización social

Asumirán que a actividade económica e empresarial ten unha dimensión ética e unha responsabilidade social cada vez máis ineludibles. Así mesmo, os alumnos e as alumnas comezarán o exercicio da súa cidadanía achegándose ao contacto coa lexislación económica, ao coñecemento e exercicio dos dereitos e deberes dos cidadáns, partindo da dobre dimensión de patróns e traballadores.

f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

A materia axuda aos estudantes a desenvolver a confianza en si mesmos e a motivación por actuar. Verán que todos temos ideas,

como se poden seleccionar aquelas máis axeitadas e levalas á práctica. Contribúe a elevar a autoestima, a autocrítica e o coñecemento de si mesmo. A necesidade de tomar decisións, de elixir cun criterio propio, calculando os riscos e avaliándoos para

despois asumir as consecuencias das nosas decisións, serán capacidades que se desenvolvan nesta materia.

g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Os alumnos estudarán as diferentes formas de organización económica e como estas formas repercuten no desenvolvemento do territorio.

3.3 CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE ECONOMÍA DE 4º DE ESO Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A materia de Economía na ESO contribúe xunto co resto das materias a que o alumno adquira as capacidades que se buscan con cada competencia clave, pero tería especialmente a finalidade de desenvolver as competencias matemática, social e cívica, iniciativa e espírito emprendedor, ademáis da competencia financeira que se engade de maneira extracurricular. Aínda que cada materia contribúe de maneira distinta á adquisición destas competencias básicas, o currículo de Economía contribúe especialmente ao seu desenvolvemento desta maneira:

a) Competencia en comunicación lingüística. A finalidade da materia de Economía radica en acadar un dominio na competencia comunicativa dos alumnos, para que ao remate da etapa educativa adquiran a capacidade de entender noticias básicas relacionadas coa economía na prensa xeneralista, así como recibir, entender e emitir mensaxes de contido económico correctamente.

Ademáis deberán comprender o vocabulario económico e financeiro como pode ser entender o significado de siglas como IB, IPC, TAE, IBAN, PIN..)

A materia de Economía contribuirá á adquisición desta competencia mediante a introdución de lecturas ao longo de todos os temas, comentarios de texto periodísticos ou a confección de actividades específicas de búsqueda de información, de debate e análise.

b) Competencia Matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A materia contribúe á adquisición desta competencia coa introdución de ferramentas matemáticas para a resolución de problemas, ademáis da lectura e interpretación de gráficos e a resolución de problemas baseados na aplicación de expresións matemáticas.

Ademáis a materia resolver problemas provintes de situación cotidiás no uso dos cartos. Para o cal utilizaranse cálculos de porcentaxes, regras de tres, cálculo do tipo de interés simple e composto e comparación dos custes das distintas modalidades de pago, entre outros cálculos máis que poiderán levarse a cabo.

c) Competencia dixital Competencia no tratamento da información e competencia dixital. A nosa materia contribúe a potenciar esta competencia polo feito de ter como obxectivo proporcionar conocimientos e destrezas para búsqueda e selección de información

fundamentalmente en prensa escrita. A búsqueda de información require o uso axeitado de bibliotecas, hemerotecas e o dominio das novas tecnoloxías da información para obter o máximo aproveitamento na fase de documentación á hora de facer traballos de investigación. A realización guiada destas búsquedas constituirá un medio para o desenvolvemento da competencia dixital; a elo tamén contribúe, o uso que esta materia fai dos novos medios de comunicación dixitais que implican un uso social e participativo que os alumnos deben coñecer, valorar e utilizar de xeito crítico e responsable.

Ademáis permite o entrenamiento no uso das tecnoloxías da información e comunicación (TIC), na búsqueda de información, no análise e selección de investimentos, como poden ser: O uso e adoción de medidas de seguridade en internet, saber acceder ós servizos de administración e comercio electrónico, utilizar ferramentas e aplicación como follas de cálculo para a elaboración dun presuposto familiar, analizar e comparar ofertas e prezos.

d) Competencia para aprender a aprender. A adquisición desta competencia debe permitir ao alumno poder iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe.

Búscase, a través do modo no que se presentan os contidos e do tipo de actividades plantexadas, que o estudante se sinta protagonista do proceso e do resultado do seu aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a acadar as metas propostas.

Inténtase presentar unha serie de contidos de carácter práctico para achegar ao alumno á realidade que o rodea con capacidade crítica e reflexiva.

Ademáis intentase que a través da programación, planificación, toma de decisión e asumir responsabilidades complementen o desenvolvemento de esta competencia en tanto que supoñen unha aprendizaxe continua. A evolución do entorno financeiro require una aprendizaxe continua.

e) Competencia social e cívica. A Economía é unha ferramenta poderosa para a interpretación do mundo e poder abordar os fenómenos

e problemas sociais en distintos contextos. Para poder participar na sociedade democrática, é fundamental adquirir os coñecementos que

permitan comprender e analizar de maneira crítica as opinións e comportamento dos demais, respetando a diversidade.

A materia de Economía busca formar un espírito crítico e reflexivo no alumnado sobre os problemas económicos da nosa sociedade e o modo de resolvelos.

Ademáis se deberán analizar as posibles vantaxes e desvantaxes das decisión económicas, responsabilizarse do efecto colectivo y/o as consecuencias sociais derivadas das decisión financeiras tomadas e tamén reflexionar sobre os conceptos de sostenibilidade, solidariedade, corresponsabilidade e cidadanía na dimensión económica así como analizar problemas e situación da sociedade actual (as crises, noticias financeiras)

f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. A consecución da competencia nos alumnos permitirá conseguir futuros cidadáns emprendedores que participen e melloren a sociedade de modo activo.

Os contidos desta materia buscan no alumno fomentar a súa capacidade de pensamento creativo, aspecto fundamental para o nacemento dos emprendedores. As actividades de análise, debate, traballo en grupo, autoavaliación, resolución de problemas e de toma de decisións son unha constante en todos os temas.

Ademáis esta materia contribúe a reforzar a autonomía, a autoestima e a identidade persoal no desenvolvemento das habilidades financeiras individuais. Todo isto poderá acadarse fomentando a motivación e a creatividade, desenvolvendo valores e actitudes persoais como a preverancia, a capacidade de demorar a gratificación inmediata (o aforro como obxectivo) así como tomar conciencia da importancia da asertividade para comunicar disconformidade (relacións bancarias)

g) Conciencia e expresións culturais(CCEC). Dentro dos contidos trátase a globalización que tamén ten un compoñente cultural que esixe por parte do alumnado unha actitude crítica e reflexiva.

i) "Competencia financeira". (Extracurricular) Búscase a adquisición de capacidades que lles permitan a toma de decisións intelixentes en materia financeira, mantendo unha actitude crítica e analítica ante todas as ofertas que se lles presenten. Os contidos plantexados abordan a planificación de gastos, a elaboración de orzamentos, o fomento do aforro como medio para a consecución da seguridade financeira no longo prazo. O alumno debe ser capaz de xestionar de forma efectiva os seus gastos ou as débedas a curto prazo, acadando así os seus obxectivos persoais.

3.4 CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE ECONOMÍA DE 1º DE BACHARELATO Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

A asignatura de Economía, como materia troncal de opción de 1º de Bachillerato dos dous itinerarios da modalidade de Humanidades y Ciencias Sociales, xoga un papel relevante para que os alumnos/as alcancen os obxectivos da etapa e adquiran as competencias clave porque:

-Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEE) é a capacidade para adquirir e aplicar unha serie de valores e actitudes, e de - elexir con criterio propio, transformando as ideas en accións. Para que esta materia contribua ó fortalecemento do sentido da iniciativa e do espírito emprendedor, é necesario favorecer o desenvolvemento de iniciativas de planificación e execución, así como procesos de toma de decisións, presentes máis claramente na de debates de traballos individuais ou en grupo xa que implica idear, analizar, planificar, actuar, revisar o realizado, comparar os obxectivos previstos cos acadados e extraer conclusións. Gracias a esta materia, o alumnado poderá afacerse con ferramentas básicas que lle permitan tomar decisións con criterio propio para transformar as súas ideas en acción.

